A Fundación Institucional Española -FIES-, co patrocinio da **Fundación Orange**, convoca o **37º** Concurso **¿Que é un Rei para ti?**, de conformidade coas seguintes **bases**:

PARTICIPANTES

- Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria ou de 1º e 2º da ESO de calquera centro educativo do territorio español.
- Alumnado de Educación Especial.

PROXECTOS

- Poderanse presentar proxectos en calquera formato (murais, debuxos, poesías, maquetas, esculturas) a condición de que as medidas non superen 60x60 e cun peso non superior a 5 quilos.
- O tema dos traballos será a figura de S.M. o Rei e/ou o papel da Coroa en España.
- Todos os traballos deberán ir acompañados dun texto que explique o seu contido.
- En cada traballo deberá figurar o nome do participante e os datos de contacto do centro educativo.
- Os traballos serán individuais. NON SE ACEPTARÁN TRABALLOS EN GRUPO.

PROXECTOS DIXITAIS

- Poderanse presentar proxectos dixitais.
- Ofreceranse guías para a realización dos proxectos dixitais para os cursos 4º, 5º e 6º Primaria e 1º e 2º da ESO.
- As guías estarán dispoñibles a través da web www.concursoqueesunreyparati.es a partir do 15 de xaneiro 2018.
- Ofrecerase así mesmo soporte ao profesorado que queira implementar estes proxectos.
- Os traballos dixitais deberán subirse á devandita web para poder entrar a concurso.

PRESENTACIÓN

- Os orixinais serán enviados a FIES, - Gran Vía, 16. 4º - 28013 MADRID -, especificando xunto á dirección: 37º Concurso Que é un Rei para ti?
- Os proxectos dixitais subiranse á web www.concursoqueesunreyparati.es
- FIES e Fundación Orange resérvanse a propiedade dos traballos presentados e o dereito para publicalos integramente ou en parte. EN NINGÚN CASO OS ORIXINAIS SERÁN DEVOLTOS

PRAZO DE ENTREGA

- A admisión de orixinais finaliza o 20 de xaneiro de 2018.
- A admisión de proxectos dixitais finaliza o 15 de marzo de 2018.
- FIES resérvase o dereito para ampliar o prazo en circunstancias excepcionais.

RESOLUCIÓN DO XURADO

- O Xurado, composto por membros do Padroado da Fundación Institucional Española, realizará unha selección de traballos finalistas en cada Comunidade ou Cidade Autónoma. Posteriormente, elixirá un traballo gañador en cada unha delas.
- A resolución será inapelable e o concurso non poderá ser declarado deserto.
- Declararanse 20 gañadores. Un gañador por cada Comunidade ou Cidade Autónoma máis 1 gañador a nivel nacional na modalidade de Educación Especial.

MODALIDADE DE EDUCACIÓN ESPECIAL NACIONAL

- Os traballos de educación especial que formasen parte das exposicións autonómicas, serán agrupados nunha exposición privada para o Xurado, coa finalidade de seleccionar un representante a nivel nacional, que acudirá xunto cos demais gañadores, á Audiencia coa S.M. o Rei.

EXPOSICIÓNS AUTONÓMICAS

- Os traballos finalistas de cada Comunidade ou Cidade Autónoma serán expostos durante un acto organizado xunto coa Consellería de Educación, onde se fará entrega de diplomas e agasallos a cada un deles.
- Neste acto farase público o nome do alumno/a gañador/a na devandita Comunidade ou Cidade Autónoma.
- A súa data será comunicada aos centros educativos finalistas do Concurso, e tamén se poderá consultar a través da web.

PREMIOS:

AUDIENCIA COA SÚA MAXESTADE O REI
- Como en cada edición, FIES solicitará á Casa da S.M. o Rei unha Audiencia con Don Felipe VI, á que asistirá o/a autor/a do traballo gañador de cada Comunidade ou Cidade autónoma, acompañado do seu profesor/a.

VISITA AO PALACIO REAL DE MADRID
- Os alumnos gañadores de cada CCAA, acompañados polos seus profesores e familiares, serán premiados cunha visita ao Palacio Real de Oriente.

ENTREGA DE PREMIOS
- Como cada edición FIES organizará unha cea na que se expoñerán os traballos gañadores, a esta cea acudirán os gañadores xunto cos seus profesores e familiares. Durante a súa celebración terá lugar a entrega de diplomas, figuras e agasallos do noso patrocinador.

FIES FUNDACIÓN INSTITUCIONAL ESPAÑOLA

Os centros escolares ou profesores que desexen obter máis información sobre o certame poden dirixirse a:
FIES, Fundación Institucional Española. C/ Gran Vía, 16, 28013 MADRID.
Tel: 91 532 27 28 / www.fies.es / fundacion@fies.es

Fundación orange

FIES agradece especialmente o apoio e a colaboración de todas as Consellerías de Educación das Comunidades Autónomas, sen elas non tería sido posible levar a cabo a fase autonómica do Concurso ¿Que é un Rei para ti?